

Guía para o alumnado

COMO DESEÑAR O LOGO DO CENTRO CON TINKERCAD

INTRODUCCIÓN

Utilizaremos a ferramenta Tinkercad para deseñar o logotipo do centro en 3D. Despois podemos usalo para crear diferentes obxectos que podemos imprimir na impresora 3D.

Ao final deste tutorial, teremos un modelo 3D do logotipo do centro que poderemos empregar para deseñar chaveiros, marcapáxinas, trofeos, paneis informativos, etc. Ocorréselle algo máis?

PASOS A SEGUIR


1. Como converter unha imaxe a formato SVG

Para crear o modelo 3D do logotipo do centro, utilizaremos unha imaxe 2D do logotipo. Esta imaxe debe estar en formato SVG, polo que se a temos dispoñible noutro formato (os máis habituais son jpg ou png), teremos que convertela antes de poder utilizala.


Para a preparación deste tutorial, utilizamos esta imaxe en formato jpg.




Para realizar a conversión utilizaremos a ferramenta online-convert: <https://image.online-convert.com/convert-to-svg>. Accedemos a la URL e arrastramos a nosa imaxe á zona “Drop files here” ou ben buscámola no noso ordenador premendo na opción “Choose File”:



Unha vez cargado o arquivo, prememos en “Start”.




Comeza a conversión e en canto termina, xa teremos o arquivo listo para a súa descarga:



2. Abrimos Tinkercad, creamos un novo deseño e cambiámoslle o nome


Cambia o nome do teu deseño de forma que poidas identificarlo.




3. Importamos a imaxe en formato svg



2. Arrastramos o arquivo que queremos importar



3. Seleccionamos a escala. Neste caso indicaremos que o noso logo debe medir 80 mm de anchura.



4. Click

Importando Galink Negro Baja.svg...

5. O proceso de importación pode durar uns minutos. Depende do peso do arquivo.

6. Xa temos o logotipo no plano de traballo



O logotipo que acabas de crear mide 10 mm de alto. Podes escalalo, xiralo, voltealo, cambialo de cor, duplicalo, combinalo con outros obxectos, etc. e incorporalo facilmente aos teus deseños.

4. Incorpora o logo aos teus deseños

Agora que xa tes o logo en 3D, poderías incorporalo aos teus deseños.



En grupos de 5, pensade nun obxecto ao que podades engadir o logotipo do centro. Chegade a un acordo e deseñadeo en 3D.

Unha vez finalizado o traballo, débese exportar en formato stl como se indica a continuación:

